

[25N Día contra la violencia machista]

Pórrlle freo á violencia

O programa 'Abramos o Círculo' leva 16 anos axudando a homes con actitudes agresivas que queren cambiar e saír dese ciclo que pode levarlles a un futuro moito máis escuro. Por el xa pasaron preto de 700 persoas. POR LUCÍA D. BÓVEDA

Non se pode establecer o perfil do agresor», así de contundente é Rubén Villar Trencó, coordinador do programa 'Abramos o Círculo', cando pensa nos preto de 700 homes que, dende o ano 2001, decidiron marcar un número de teléfono (o 630 140 170) e poñerse en mans dun terapeuta por mor das súas actitudes inadecuadas. Non foron denunciados nunca nin teñen ningún tipo de condena por malos tratos no ámbito doméstico, pero saben que a súa actitude non é a correcta, que teñen un problema e piden axuda antes de que vaia a máis.

É así como chegan a este programa, financiado pola Secretaría Xeral de Igualdade e executado polo Colexio Oficial de Psicólogos de Galicia, no que ofrecen «terapia psicolóxica individual e individualizada a homes que queren aprender a resolver conflitos sen violencia e que queren aprender a comunicarse mellor coa súa familia ou coa súa parella».

Unha vez que chaman ao número de atención, son derivados a un terapeuta próximo ao seu domicilio «hai 83 puntos de atención en toda a comunidade autónoma cuxos especialistas teñen formación e experiencia neste eido» e nun ou dous días xa teñen a primeira cita. No primeiro semestre de 2016, foron 35 os homes que se atreveron a dar o paso, que se sumaron a outros tantos que xa recibían tratamento.

A partir de aí comeza un proceso de dez sesións (que, en caso de necesidade, poden ampliarse ata dúas veces) no que os participantes aprenden a resolver conflitos sen violencia e a comprender a natureza da mesma, a comunicarse mellor, a relacionarse coas mulleres con respecto e en igualdade, a educar aos seus fillos e fillas na igualdade e a asumir hábitos positivos de relación e convivencia.

Aínda que a participación no programa é voluntaria, «ás veces chogan apercados pola situación que están a vivir, que non



A esquerda, Rubén Villar e, a dereita, cartel nunha manifestación de homes contra a violencia de xénero. COPIE



se pode consentir e atópase nunha separación ou ruptura», explica Villar. Neses casos, a motivación é externa e «non é tan potente como a que sae de dentro, polo que nas primeiras sesións hai que centrarse na toma de conciencia do problema». Nos últimos 15 anos, un 22% dos participantes no programa abandonaron, en moitos casos «por esa falta de motivación». E é que o primeiro paso para que funcione é que o implicado sexa consciente de que se ten un problema e necesita cambiar.

OS SINAIS. É posible saber cales son os sinais de alerta para decidir acudir a este servizo ou a outro que faga un traballo similar? «Fundamentalmente, este tipo de situacións danse a través de poder e control. Nunha relación ten que haber igualdade, equilibrio. Ten que ser unha situación na que a comunicación sexa fluída, que os hábitos de vida positivos estean presentes», asegura Villar. Cando unha das partes intenta controlar a situación de parella, intenta mostrar o seu poder, aparecería o contrario ao equilibrio». E neses primeiros

signos de control e poder cando é recomendable chamar a calquera servizo, poñerse en mans de calquera profesional «para poder atallar ese problema que pode dar paso a outro tipo de actitudes. A partir de aí é necesario e moi importante pórrlle freo».

Segundo Villar Trencó, un exemplo dese control desmesurado «estase a ver ultimamente co tema das redes sociais, das novas tecnoloxías... Tamén na xente nova». Aínda que 'Abramos o Círculo' é un servizo para homes adultos (maiores de 18 anos), é consciente de «que hai cada vez máis mozos que teñen condutas deste tipo». De feito, a cuarta parte dos que participan no programa dende que se puxo en marcha tiñan menos de 30 anos.

Mais non son os únicos, pois tamén hai unha porcentaxe de homes entre 65 e 76 anos, aínda que «hai xente de determinadas idades que é máis remisa a acudir a un servizo deste tipo, pero iso non quere dicir que non exista un problema. A xente nova xa ten máis normalizado ir ao psicólogo». Ademais, antigamente certas situacións que hoxe farían

saltar a alarma estaban máis normalizadas.

MITOS. O psicólogo considera que hai moitos mitos arredor da figura do maltratador. Por unha banda, a do perfil que adoita ter, pois a realidade é que se «dá en todas as idades, en todos os estratos sociais, en todo tipo de pro-

fesións... Non hai unha vacina para isto, a única é a educación». Educación en igualdade «dende idades temperás onde se poida aprender a convivir en igualdade e cuestionar todo este tipo de cuestións».

Outra das ideas a desbancar para Villar é que detrás das actitudes violentas que teñen os homes hai hábitos comúns como pode ser o abuso de substancias. «'Abramos o círculo' é un servizo individualizado xustamente por iso, porque cada caso é diferente e cada home trae unha historia distinta. E por iso que se traballa cada caso concretamente». De feito, a porcentaxe de participantes no programa que tiñan un problema de alcohol previo «é mínima, case insignificante».

Pero, é posible saír disto, rehabilitarse? O psicólogo non dubida nin un instante para responder de maneira afirmativa: «A proba está en que o 70 por cento dos participantes no programa recibiron a alta terapéutica, é dicir, remataron as sesións con éxito e no seguimento posterior a seis meses mantíñanse ben. Polo tanto si, é posible cambiar, recuperarse».

O maltrato se dá en todas as idades, en todos os estratos sociais, profesións...

Un 25% dos homes que participaron no programa tiñan menos de 30 anos